

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Nomeamento de tenencias da Alcaldía

Nomeamento das tenencias da Alcaldía

Con data 20 de xuño de 2019, por esta alcaldía ditouse a Resolución núm. 770/2019, que deseguido se transcribe íntegramente:

“Alejandra Pérez Máquez, alcadesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Nomeamento dos tenentes de alcalde

Expediente. 2019/X999/000303

Nomeados os membros da Xunta de Goberno Local, por Resolución n.º 768/2019, do 20 de xuño, corresponde á alcaldesa desinar libremente aos tenentes de alcalde de entre os membros da citada Xunta de Goberno Local; visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.–Nomear tenentes de alcalde aos/ás seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1.ª.–D.ª Patricia M.ª Vázquez Figueroa
- 2.º.–Juan Antonio Fariña Pedreira
- 3.º.–D. José Ramón Lorenzo Carou
- 4.ª.–D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado

SEGUNDO.–Corresponde aos nomeados, pola orde indicada, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde.

TERCEIRO.–Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose ademáis persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Bergondo, 25 de xuño de 2019.

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2019/5099